



CORUÑA  
>PRÓXIMA



## MINISTERIO DE EMPREGO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

### PLAN NACIONAL DE IMPLANTACIÓN DA GARANTÍA XUVENIL

A Garantía Xuvenil é unha iniciativa europea que pretende facilitar o acceso dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos ao mercado de traballo. En España enmárcase na estratexia de Emprendemento de Mozos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. A Recomendación sobre a Garantía Xuvenil establece que poidan recibir unha oferta de emprego, de educación ou formación tras finalizar os seus estudos ou quedar despedidos.

#### REQUISITOS:

- Ter nacionalidade española ou ser cidadáns da Unión ou dos Estados parte do Acordo Económico Europeo ou Suíza que se atopen en España en exercicio da libre circulación e residencia. Tamén poderán inscribirse os estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.
- Estar empadroado en calquera localidade do territorio nacional español.
- Ter máis de 16 anos e menos de 25, ou menos de 30 anos no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, no momento de solicitar a inscrición no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Os maiores de 25 anos e menores de 30 cando, no momento de solicitar a inscrición no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a taxa de desemprego deste colectivo sexa igual ou superior ao 20 por cento.
- Non ter traballado no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
- Non ter recibido accións formativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
- Presentar unha declaración escrita de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, adquirindo un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolvan no marco da Garantía Xuvenil.

#### PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN:

Para ser beneficiario da Garantía Xuvenil débense cumprir os requisitos establecidos e **acceder ao ficheiro do Sistema de Garantía Xuvenil para inscribirse:**

- **Acceso a través dos Servizos Públicos de Emprego.**
- **Acceso ao rexistro con DNI electrónico ou certificado**, na web da garantía xuvenil.
- **Acceso de forma asistida** coa axuda de persoal especializado:
  - En calquera oficina das **Cámaras de Comercio**.
  - Nalgúns Centros e **servizos da Rede SIJ** (Servizos de Información Xuvenil).
- **Acceso con usuario e contrasinal.** Se non tes DNI ou certificado electrónico terás que solicitar o teu usuario e contrasinal:

- por correo electrónico enviando o nome completo, DNI, teléfono mobil a: [garantiajuvenil@xunta.es](mailto:garantiajuvenil@xunta.es) ou a través do teléfono 012.
- ou a través da web do Plan cubrindo un **formulario** e entregándoo en calquera das **oficinas de rexistro** da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais.

Despois de recibir o teu usuario e contrasinal, recibirás por correo electrónico a comunicación do teu código de activación que deberás introducir no enlace **Activar usuario** situado na páxina de acceso ao sistema para obter o teu contrasinal.

- **Acceso a través do Sistema CI@ve**  
Trátase dunha plataforma común para a identificación, autenticación e firma electrónica.
- **Outras formas de acceso**  
No caso de mozos en risco de exclusión social (condición certificada) a través dun **formulario** específico que debe entregarse nun rexistro oficial (art 38.4 Lei 30/92).

**PRAZO:** a inscrición pode realizarse durante todo o ano.

### **ENTIDADES COLABORADORAS NA CORUÑA**

- **Cámara de Comercio, Industria y Navegación de A Coruña: Programa PICE (Programa de Cualificación e Emprego)**  
**(con cita previa)**  
R/ Alameda, 30-32 1º. 15003 – A Coruña  
Tlf.: 981 216 072  
[pice@camaracoruna.com](mailto:pice@camaracoruna.com)  
[www.empleoygarantiajuvenil.es](http://www.empleoygarantiajuvenil.es)  
Contido: Plan de Capacitación, Plan de Mobilidade e Plan de Formación Dual.
- **Cruz Vermella: Programa para persoas mozas inscritas en Garantía Xuvenil**  
Cruz Vermella Española en A Coruña  
R/ Cruz Vermella Española, 1. 15002 A Coruña  
Tlf.: 981 221 000  
[www.cruzvermella.org](http://www.cruzvermella.org)  
Contido:
  - **Activación, orientación e acompañamento sociolaboral para persoas mozas en GX.**  
Accións de activación, motivación e orientación (tanto individual como grupal), avaliación das competencias profesionais e intermediación con empresas.
  - **Escola de segundas oportunidades para persoas mozas de GX.**  
Persoas mozas con baixa cualificación, antecedentes de fracaso escolar e abandono, ou con poucas posibilidades para formarse. A finalidade do programa consiste en motivar ao mozo a retomar os seus estudos (ofrecéndolle clases de reforzo das materias, becas para o estudio e un acompañamento individual en todo este proceso). Testeo de oficios para indagar nos seus intereses profesionais e achegarlles á realidade do mundo laboral.
  - **Formación para o emprego con persoas mozas de GX.**  
Proporcionar a estes mozos unha formación que lles capacite para desempeñar unha profesión.
- **Fundación Paideia: Obradoiros socio– ocupacionais**  
Praza Maria Pita, 17. 15001 – A Coruña  
Tlf.: 981 817 000  
[www.paideia.es/taller-sic](http://www.paideia.es/taller-sic)

- Formación para o emprego dunha duración de 100 horas grupales e 10 horas de tutorías individuais. Posibilidade de 50 contratos en empresas galegas durante 6 meses. Participación en programas de mobilidade transnacional: A Ida (prácticas formativas en Europa) e SVE (Servizo de Voluntariado Europeo).
- **Fundación Once: Programa “No te rindas nunca”**  
Cantón Grande, 3, 1º. 15003 - A Coruña  
Tlf.: 981 145 109  
[belen.almagro.fsc@fundaciononce.es](mailto:belen.almagro.fsc@fundaciononce.es)  
[www.noterindasnunca.org](http://www.noterindasnunca.org) - [www.portalento.es](http://www.portalento.es)
  - **Destinatarios:** persoas mozas con discapacidade.
  - **Contido:** plan personalizado de emprego, que inclúe cursos de formación e accións de intermediación laboral coas empresas.

### **INFORMACIÓN:**

#### **Garantía Xuvenil en Galicia**

Tlf.: 012

[garantiajuvenil@xunta.es](mailto:garantiajuvenil@xunta.es)

[garantiajuvenil.xunta.es](http://garantiajuvenil.xunta.es)

#### **Cámara de Comercio, Industria e Navegación (cita previa)**

R/ Alameda, núm. 30-32., 1º. 15002 - A Coruña

Tlf.: 981 216 072

[empleo@camaracoruna.com](mailto:empleo@camaracoruna.com)

[www.camaracoruna.com](http://www.camaracoruna.com) / [www.empleoygarantiajuvenil.es](http://www.empleoygarantiajuvenil.es)

#### **Sistema de Garantía Xuvenil**

Tlf.: 060 (opción 3)

[garantiajuvenil@meyss.es](mailto:garantiajuvenil@meyss.es)

[www.empleo.gob.es](http://www.empleo.gob.es)



**FORUM METROPOLITANO**  
Centro Municipal de Información Xuvenil

Río Monelos, 1. 15006 - A Coruña

981 184 294 [cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es) [www.coruna.gal/cmix](http://www.coruna.gal/cmix)